

As persoas abaixo asinantes, na súa condición de veciños residentes na rúa As Barxas e o seu entorno no Concello de Moaña, e con dirección a efectos de notificación.

EXPOÑEN:

Que viñemos observando como durante o mes de decembro de 2007 e xaneiro de 2008 **se instalaron novas antenas de telefonía móbil na torreta do edificio de telefónica, situado na Rúa Barxas nº 18 de Moaña**, así como outros elementos que descoñecemos dentro deste edificio. Dende o noso punto de vista, este feito aumenta e concentra nunha zona residencial a contaminación electromagnética xerada polas antenas previamente instaladas en dita torreta, que multiplícanse coas provocadas por un transformador situado no edificio do Concello e polas liñas de media tensión que lle subministran enerxía.

Esta preocupación venos dada porque, ademais de non estar demostrada que a exposición a estas emisións electromagnéticas sexa por si xa segura nos niveis autorizados, cada vez son máis os estudos científicos, como os seguintes, que constatan o perigo potencial deste tipo de emisións:

- O Proxecto REFLEX, estudo multicéntrico da Comisión Europea realizado entre o 2000 e o 2004 en 7 estados europeos, **conclúe que unha exposición continuada á radiación da telefonía móbil nos niveis autorizados provoca efectos xenotóxicos** –preámbulo potencial de enfermidades tumorais e dexenerativas– máis relevante na infancia e na vellez (como os alumnos/as dos colexios próximos a este edificio de telefónica, a numerosa poboación infantil que reside nas rúas: As Barxas, O Rosal, Don Donato, Camiño do Prado...; e as persoas maiores destas zonas ou as que padecen a enfermidade de Alzheimer e acoden diariamente ó Centro Integrado de Servizos Sociais).
- O estudo (International Journal of Cancer Prevention Volume1, nº 2. April 2004) da Universidade de Tel Aviv en Israel (país que prohibe a instalación de antenas de telefonía móbil nas vivendas dende outubro de 2007), **conclúe que nas proximidades das instalacións base de telefonía móbil os casos de cancro (nos límites legais) multiplícanse por catro.**
- O estudo (publicado en xaneiro de 2008) encargado pola Manufacturers Forum -asociación internacional de fabricantes de telefonía móbil- á Universidade Wayne (EUA) e o Instituto Karolinska (Suecia), **conclúe que as radiacións de telefonía móbil afectan ao estado do sono normal facilitando dor de cabeza, cansazo, confusión, depresión....**

A nivel xurídico destaca o Auto de casación do Tribunal Supremo do 27/09/2005 (Sección 1ª da Audiencia Provincial de Murcia nº 377/2000) onde **considérase demostrado que as vivendas contiguas a transformadores, antenas de telefonía móbil, torres eléctricas e estacións base están sometidas a radiacións moi superiores ás normais.** Recoñece tamén o dano moral (o desasosego causado por que unha vivenda poida ter emisións que poderían ser daniñas

para a saúde). **Recoñece as radiacións como unha ameaza ao dereito á vida, a integridade física, a intimidade persoal, a inviolabilidade do domicilio, a gozar do medio ambiente e a obrigaón de reparar os danos causados ao medio ambiente, recollidos na Constitución.**

Aparte destes estudos científicos e do auto de casación, xa por si moi significativos, por desgraza xa existen casos reais en poboacións que están sufrindo os efectos relatados anteriormente debido a este tipo de radiacións. Sirvan como exemplo estes dous casos moi recentes:

- Veciños de Santa Lucía, unha zona do municipio pontevedrés de Moraña na que se sitúan tres estacións base de telefonía móbil e dous transformadores, están reclamando a Consellería de Sanidade que realice un estudo epidemiolóxico, xa que sospeitan que existe unha relación directa entre o funcionamento destas instalacións (algunhas delas con máis de dez anos neste lugar) co elevado numero de casos de cancro que se están detectando nesta zona. Nesta reclamación aportan a relación de máis de corenta casos de residentes na zona ós que se lle diagnosticaron diversos tipos de cancro (actualmente xa son cinco os casos coñecidos de cancro no colexio de Santa Lucía), así como outras patoloxías, como enfermidades cardiovasculares e de lupus ou “abortos repetitivos”.

- Veciños de *El Cristo* en Palencia, o pasado 13 de febreiro de 2008, pediron ó concello a retirada de dúas antenas de telefonía móbil instaladas nas inmediacións do Colexio Público Juan Mena, no que se detectaron tres casos de leucemia entre escolares nos últimos tres anos. Correspondendo o último caso detectado a un neno de seis anos, ó que lle diagnosticaron esta enfermidade o pasado mes de xaneiro.

Como afectados polo efecto multiplicador da conxunción das distintas emisións electromagnéticas (antenas base de telefonía móbil da rúa Barxas nº 18 de Moaña, do transformador situado no Concello e as súas liñas de media tensión) apostamos pola aplicación do **Principio de Precaución** (defendido dende distintos ámbitos científicos, institucionais –coma a propia Axencia Europea do Medio Ambiente- e sociais) que preveña os potenciais efectos biolóxicos sobre os habitantes desta zona, compatibilizando as novas tecnoloxías e a saúde; na defensa da saúde dos nosos fillos/as que se están criando nun lugar que a todas luces, polos distintos estudos e casos antes mencionados, amosa ser pouco saudable para o seu crecemento e que, preocúpanos enormemente como pais e nais.

SOLICITAMOS:

- Información precisa sobre as antenas base de telefonía móbil da rúa Barxas nº 18 de Moaña:

- **Confirmación das súas Licenzas Municipais preceptivas:** a Licenza de Obra Maior (Normativa autonómica: Decreto 28/1999 “Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da lei do solo de Galicia”) e a Licenza de Actividade Clasificada (Normativa estatal: Decreto 2414/1961: “Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas”) licenza que debe estar actualizada, tendo en conta que se colocaron novas antenas dende a instalación da torreta; así como o informe técnico municipal, se o houberse, sobre como afecta á estrutura do edificio o conxunto actual de antenas e a torreta que lles dá soporte.
 - **Como se ve afectada actualmente dita torreta polas normas urbanísticas municipais sobre espazo electromagnético e sobre estética urbana** (instalada nun espazo moi visible e rechamante dende a vía pública); así como a previsión de normas que contemplan no futuro o principio de precaución e a protección da saúde e a estética urbana.
- En todo caso, (en base ao indicio razoable e significativo de que o nivel de exposición electromagnética nas vivendas é un factor de risco para a saúde, citado en numerosos estudos científicos) **pedimos o traslado das antenas de telefonía base e do transformador a un lugar fóra das zonas residenciais, onde a distancia de seguridade á exposición deste tipo de campos se rebaixe ós niveis biolóxicos mínimos tolerables e non afecten á poboación;** compatibilizando deste xeito as novas tecnoloxías e a saúde. E que, mentres este feito non aconteza, **se realice, por parte do Concello, un estudo periódico, independente e público sobre o nivel de contaminación electromagnética que existe nesta zona.**
- Por último, solicitamos unha entrevista co Concelleiro de Medio Ambiente, D. Daniel Rodas, para expoñerlle a nosa preocupación sobre este tema.

En Moaña, a ____ de febreiro de 2008